

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

19282 *Orde INT/3215/2010, do 3 de decembro, pola que se regula a comunicación do condutor habitual e do arrendatario a longo prazo ao Rexistro de Vehículos.*

A utilización cada vez maior de dispositivos automáticos de vixilancia e control do tráfico sen que teña lugar a detención do vehículo provoca a necesidade de notificar o inicio do expediente sancionador nun momento posterior á comisión do feito.

Nestas circunstancias, o primeiro coñecemento da infracción prodúcese pola notificación que a Administración realiza ao titular do vehículo detectado, quen debe identificar e comunicar a aquela os datos do condutor que facía uso do vehículo no momento da comisión do feito. A Administración notificará entón o inicio do expediente sancionador ao condutor así identificado polo titular.

Cada vez é máis frecuente que o titular do vehículo e o condutor non coincidan, debido fundamentalmente a que case a metade dos vehículos se matriculan a nome de persoas xurídicas. Ademais, engádese a circunstancia de que vai aumentando de forma progresiva a utilización dos vehículos en réxime de arrendamento a longo prazo.

Estes novos modelos de relacións xurídico-económicas que se instauran nos vehículos provocan a apertura dunha fase máis de notificacións no procedemento sancionador, polo que o titular-propietario do vehículo debe identificar a empresa arrendataria para que esta, pola súa vez, identifique o condutor. O resultado final é que o infractor non ten coñecemento do inicio do expediente sancionador ata varios meses despois da comisión do feito.

Con obxecto de evitar as importantes disfuncións expostas no exercicio da potestade sancionadora en materia de tráfico, a Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, en materia sancionadora, introduciu o artigo 9 bis, sobre obrigas do titular do vehículo e do condutor.

Por unha parte, no seu punto segundo prevese a posibilidade de que o titular do vehículo poida comunicar ao Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico o condutor que, dun modo habitual, fai uso del, nos termos en que se determine por orde do ministro do Interior, quedando nese caso exonerado das obrigas que lle corresponden como titular, que se trasladarán ao condutor habitual.

E, por outra parte, no punto cuarto establécese a obriga para os titulares dos vehículos en réxime de arrendamento a longo prazo de comunicar o arrendatario ao citado rexistro, nos termos que se determinen mediante a correspondente orde ministerial.

Deste modo, as administracións dirixíranse directamente contra quen é o usuario habitual do vehículo e non meramente contra o seu titular-propietario, evitando practicar notificacións innecesarias.

En cumprimento do previsto nos puntos segundo e cuarto do citado artigo 9 bis, procédese a ditar esta orde para regular os termos das comunicacións do condutor habitual e do arrendatario a longo prazo ao Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.

Esta norma someteuse a informe do Consello Superior de Seguridade Viaria, de acordo co disposto na alínea e) do punto segundo do artigo 5, do Real decreto 317/2003, do 14 de marzo, polo que se regula a súa organización e funcionamento.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto regular os termos en que o titular dun vehículo ou, se for o caso, o arrendatario a longo prazo, poderá comunicar ao Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico o condutor habitual.

2. Así mesmo, ten por obxecto establecer os termos en que os titulares dos vehículos en réxime de arrendamento a longo prazo deberán comunicar os datos do arrendatario ao citado rexistro.

Para os efectos previstos nesta orde, entenderase que un vehículo está cedido en réxime de arrendamento a longo prazo cando permanece arrendado á mesma persoa física ou xurídica por tempo superior a tres meses dentro dun período de doce meses consecutivos. Exclúese do concepto de arrendamento a longo prazo o arrendamento financeiro ou leasing.

Artigo 2. *Comunicación do condutor habitual.*

1. O titular do vehículo ou, se for o caso, o arrendatario a longo prazo poderán comunicar ao Rexistro de Vehículos, para a súa inscrición, os seguintes datos do condutor habitual do vehículo:

- a) Nome e apelidos.
- b) NIF ou NIE.
- c) Domicilio ou enderezo electrónico viario.
- d) Hora e data de efecto da alta.

2. O titular do vehículo ou, se for o caso, o arrendatario a longo prazo poderán comunicar ao Rexistro de Vehículos, para a súa inscrición, a baixa do condutor habitual, e deberá facer constar a hora e a data en que esta se produce.

3. Para proceder á inscrición dun condutor habitual no Rexistro de Vehículos, a persoa física que fose designada deberá ter consentido de modo que faga fe. Para a prestación deste consentimento pode utilizarse o modelo que figura no anexo desta orde.

O documento en que conste o consentimento custodiarao o titular ou o arrendatario, se for o caso, e deberase entregar sempre que lle sexa requirido pola Administración.

Artigo 3. *Comunicación do arrendatario a longo prazo.*

1. O titular do vehículo deberá comunicar ao Rexistro do Vehículos para a súa inscrición os seguintes datos do arrendatario a longo prazo:

- a) Nome e apelidos ou denominación social.
- b) NIF, NIE ou CIF.
- c) Domicilio ou enderezo electrónico viario.
- d) Hora e data de efecto da alta.

2. Con carácter previo á inscrición do arrendatario a longo prazo no Rexistro de Vehículos asignaráselle un enderezo electrónico viario, salvo que sexa unha persoa física, caso en que se lle asignará cando así o solicite voluntariamente.

3. O titular do vehículo deberá comunicar ao Rexistro de Vehículos a baixa da persoa inscrita como arrendataria a longo prazo, e deberá facer constar a hora e a data en que a baixa se produce.

Artigo 4. *Forma de realizar as comunicacións.*

1. As comunicacións dos datos que se regulan nos artigos 2 e 3 efectuaranse de forma telemática a través da páxina web da Dirección Xeral de Tráfico: www.dgt.es.

2. Non obstante, cando o titular do vehículo ou o arrendatario a longo prazo sexa unha persoa física poderá comunicar os ditos datos mediante escrito dirixido á Dirección Xeral de Tráfico, que poderá presentar en calquera dos rexistros a que se fai referencia no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria única. *Vehículos en réxime de arrendamento a longo prazo vixentes na data de entrada en vigor da orde.*

Os titulares de vehículos cedidos en réxime de arrendamento a longo prazo cuxos contratos estean vixentes na data de entrada en vigor da orde disporán dun prazo de seis meses para comunicar ao Rexistro de Vehículos os datos do arrendatario que se indican no artigo 3 desta orde. Para a inclusión dos datos do arrendatario no Rexistro de Vehículos non será obrigatoria a asignación dun enderezo electrónico viario.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de decembro de 2010.–O vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, Alfredo Pérez Rubalcaba.

ANEXO

Modelo para prestar o consentimento como condutor habitual

D/D.^a....., con NIF ou NIE, domicilio na r/....., número, municipio, provincia ou enderezo electrónico viario....., expresa o seu consentimento para a alta na súa inscrición como condutor habitual do vehículo matrícula..... no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, de acordo co disposto no artigo 9 bis do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo.

(Lugar, data e sinatura)